

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 4, 24-30

Naquel tempo, en chegando Xesús á Nazaret, díxolle ó pobo na sinagoga:

– «Asegúrovos que ningún profeta é ben recibido na súa terra. Tede por seguro que no tempo de Elías había moitas viúvas en Israel, cando o ceo estivo pechado durante tres anos e seis meses e unha gran fame anegou todo o país; a ningunha delas mandaron a Elías, senón a unha muller viúva de Sarepta, en Sidón.

E moitos gafos había en Israel no tempo de Eliseo, o profeta, e a ningún deles curou, fóra de Naamán, o sirio.»

Oíndo estas cousas, todos os que estaban na sinagoga puxéronse feitos unhas feras; así que, erguéronse, botárono fóra da vila, levárono ata o alto do monte no que está edificada, coa intención de o precipitaren embaixo.

Pero el botou a andar polo medio deles e marchou.